

## O QUE PASABA EN 1984

## NO MUNDO:



Tras cen anos sen manter relacións diplomáticas, os Estados Unidos e o Vaticano intercambian embaixadas. Reino Unido e a República Popular China acordan a cesión da colonia de Hong Kong a China en 1997.

Un estadounidense de 56 anos é o primeiro home que cruza o Atlántico en solitario a bordo dun globo.


A primeira ministra da India, Indira Gandhi, é asasinada por un membro da súa propia escolta.

Máis de 200.000 persoas son evacuadas dun barrio da México pola explosión dunha planta de gas.

Despois de 12 anos de dictadura militar, celébranse as primeiras eleccións democráticas en Uruguay.

Li Xiannian realiza unha visita oficial a España, a primeira que leva a cabo un presidente chinés a Europa occidental.

## EN GALICIA:



I encontro de escritores de Galicia, Cataluña e o País Basco (Galeuzca) (Barcelona).

Primeiras carreiras populares en defensa da Lingua Galega (o que hoxe denominamos Correlingua).

Mobilización social pola reconversión industrial. Creación da ZUR (Zona de urxente reindustrialización) Regreso dos restos de Castelao a Galicia, o que provoca un conflito social.

Créase o Centro Dramático Galego, o Museo do Humor no Concello de Fene e o premio de novela de Edicións Xerais de Galicia.

Experiencia de exposición e creación colectiva ao aire libre na estrada de Vigo á Ramallosa.

Xosé M Beiras publica "Por unha Galiza liberada" e Pilar Pallarés "Sétima soidade".

Estrea de "Mamasunción" de Chano Piñeiro.

I Semana Galega de Filosofía (Pontevedra).

O día das letras é adicado a Armando Cotarelo Valledor.

## EN ESPAÑA:




Prodúcese en Madrid unha gran manifestación anti OTAN.

Francia concede por primeira vez a extradición de tres membros da banda terrorista ETA.

Multitudinarias manifestacións en varias cidades de España contra a política educativa do Goberno (LODE).

Os reis de España viaxan a Moscova.

## EN ELVIÑA:



## Curso 84-85

Despois de múltiples debates levados a cabo durante o curso anterior, aplícase o seguinte novo horario no centro: 5 clases de 55 minutos, con un recreo de 25 minutos, na sesión matinal; 3 clases polas tardes os luns, martes e xoves. Os alumnos de COU

teñen libre tamén a tarde do luns.

Organízase un concurso de comparsas entre grupos de alumnos. Tamén participa unha comparsa formada por profesores/as.

No patio do Instituto lévase a cabo un acto pola paz mundial e o desarme.

